

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

EXTRACTO da Orde do 16 de maio de 2017 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2017/18.

BDNS (Identif.): 346757.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. *Beneficiarias*

Aquelas familias con alumnado matriculado en centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia sostidos con fondos públicos nas modalidades de gratuidade solidaria que se relacionan a seguir:

Fondo solidario de libros de texto do alumnado matriculado en 3º, 4º, 5º e 6º de EP e 1º, 2º, 3º e 4º de ESO.

Axudas para adquirir libros de texto destinadas ao alumnado matriculado en 1º e 2º de EP e EE, así como as axudas que pode recibir o alumnado incluído na disposición adicional primeira da orde.

Axudas para material escolar destinadas ao alumnado matriculado en EP, ESO e EE.

Segundo. *Obxecto*

As distintas modalidades de axudas teñen como obxecto apoiar as familias con menos ingresos para dispoñer dos libros de texto e material escolar.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 16 de maio de 2017 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar desti-



nadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2017/18.

Cuarto. *Importe*

Fondo solidario de libros de texto: 129.416 alumnos beneficiarios, cunha dotación total de 1.839.646 euros para o ano 2017 e de 300.000 euros para o ano 2018. Esta actuación está cofinanciada polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

Axudas libros de texto: 33.282 alumnos beneficiarios, cunha dotación total de 4.200.000 euros para o ano 2017 e de 400.000 euros para o ano 2018.

Material escolar: 99.339 alumnos beneficiarios, cunha dotación total de 5.000.000 euros para o ano 2017 e de 500.000 euros para o ano 2018.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

Iniciarase o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o día 23 de xuño de 2017. O alumnado que se incorpore ao centro docente fóra deste prazo disporá dun mes contado a partir do día seguinte ao da formalización da matrícula. Non se poderán presentar solicitudes despois do 31 de marzo de 2018.

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2017

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

